

RESOLUCIÓN DE SUBVENCIONS PARA A COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE PROXECTOS E OBRAS AUDIOVISUAIS E VIDEOXOGOS EN FOROS DE NEGOCIO ESPECIALIZADOS E EVENTOS DE CINE, CONVOCADAS PARA O 2023

A Resolución do 21 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e se convocan para o ano 2023, establece, na súa cláusula décimo terceira, que na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, elevándoos á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examínanse, e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Esta resolución foi modificada pola Resolución do 15 de febreiro de 2023 (DOG núm. 36, do 21 de febreiro de 2023).

Examinada a proposta de resolución do director da Agadic do 12 de setembro de 2023 relativa ás solicitudes presentadas na Agadic ata o 11 de setembro de 2023, e de conformidade con ela,

RESOLVO

A adxudicación de subvención ás seguintes solicitudes, por cumprir cos requisitos e os límites establecidos pola convocatoria, polas contías que se detallan:

| Exp | Mod | Solicitante | Proxecto | Foro/Evento | Adxudicado |
|-----|-----|----------------------------------|--|--|------------|
| 30 | A | Zeitun Films, SL | <i>Marché du Film-Cannes 2023 (Francia)</i> | Marché du Film-Cannes 2023 (Francia) | 482,79 |
| 33 | A | Trespés Producións Culturais, SL | <i>Sunny Side of the Doc</i> | Sunny Side of the Doc-La Rochelle 2023 (Francia) | 542,92 |
| 34 | A | Somadrome Films, SL | <i>European Film Market</i> | European Film Market-Berlín 2023 (Alemaña) | 796,80 |
| 35 | A | Somadrome Films, SL | <i>Sunny Side of the Doc</i> | Sunny Side of the Doc-La Rochelle 2023 (Francia) | 565,11 |
| 17 | B | Gonzalo Enriquez Veloso | <i>BAFICI - Sección Vanguardia y Género - Sandwich Cat</i> | Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (BAFICI) (Arxentina) | 1.500,00 |



| Exp | Mod | Solicitante | Proxecto | Foro/Evento | Adxudicado |
|-----|-----|------------------------------|--|---|------------|
| 21 | B | Miramemira, S.L. | <i>Festival de Málaga 2023 – Sica</i> | Festival de Málaga Cine Español (España) | 2.500,00 |
| 23 | B | Gaitafilmes, S.L. | <i>Festival de Málaga - Sección oficial cortometrajes – Ulises</i> | Festival de Málaga Cine Español (España) | 500,00 |
| 29 | B | Matriuska Producciones, S.L. | <i>Festival de Málaga Cine Español España – Matria</i> | Festival de Málaga Cine Español (España) | 2.500,00 |
| 31 | B | Abano Producións, S.L. | <i>Festival international du film d'animation d'Annecy – O soño da Sultana</i> | Festival international du film d'animation d'Annecy (Francia) | 1.009,00 |
| 32 | B | Diana Toucedo Crespo | <i>Visións du Réel - O auto das ánimas</i> | Visions du Réel Nion-Festival International du Cinema (Suiza) | 2.000,00 |

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas

O presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González

